■ *Ademais das obras, medran considerablemente os capítulos de servizos sociais e cultura*

■ *A gran dimensión inversora é posible gracias á política urbanística, baseada na redistribución dos beneficios*



## Espacios públicos

MIRADOR DE DEXO	120.000
CUBRIR POLIDEPORTIVA DE DEXO	200.000
ALMACEN POLIDEPORTIVA IÑAS	12.000
PAV. EXPLANADA C. FUTBOL (IÑAS)	3.000
DRENAXE PQ. INFANTIS REGOS E RIALTA	4.500
DOTACION PISTA XOGOS LUIS SEOANE	9.000
REPARAR PAV. PS. MARITIMO STA. CRUZ	18.000
REFORMA PQ. INFANTIL PRAZA LIANS	9.000
MELLORA PISTA TENIS BASTIAGUEIRO	9.000
CONTRATACION DESBROCE MALEZAS	40.000
DOT. EXPLANADA C. FUTBOL OLEIROS	4.500
PINTAR INTERIOR C. POBO LORBE	4.800
PINTAR INT. PABILLON A RABADEIRA	6.000
PINTAR PISTA XOGOS DEXO	3.000
MARQUESINAS	66.000
TERTULIARIOS	80.000
MOBILIARIO URBANO	18.000
MELLORAS C. FUTBOL DORNEDA	15.000
ESPACIOS CONTEADORES LIXO	9.000
CUBRICION PISTA IESP MIRAFLORES	200.000
OUTRAS ACTUACIONES MENORES	60.000
<b>TOTAL Euros</b>	<b>890.800</b>

## Edificios públicos

ASCENSOR CASA POBO PERILLO	48.000
REFORMA CASA DO CONCELLO	132.000
RECAUDACION MUNICIPAL	150.000
ESCOLA INFANTIL DE PERILLO	855.360
LUDOTECA STA. CRUZ	27.045
AUDITORIO MUNICIPAL (1ª Anualidade)	2.000.000
XANELAS CASA ECHEVERRI	18.030
CARPINTERIA CASA DA REPUBLICA	9.000
OUTROS	30.000
EQUIPAR PISTA O CARBALLO	12.000
DOTACION LUDOTECA	20.000
DOTACION NAUTICO SANTA CRISTINA	80.000
6 PANTALLAS INFORMATIVAS (ALQUILER)	24.000
REMATE CASA DO ARXENTINO	240.000
BIBLIOTECA STA. CRUZ AMPLIAR	30.000
RENOVAR XANELAS AS TORRES - 2ª F.	10.000
REFORMA INTERIOR CONCELLO FASE2	132.000
REFORMA OFIC. XESTIÓN TRIBUTARIA	150.000
<b>TOTAL Euros</b>	<b>3.967.435</b>

2004 será outra vez un ano cheo de obras. Obras para que todos poidamos vivir mellor nun concello que ofrece constantemente os máis altos índices de calidade urbana de Galicia.

O presuposto para 2004 está case a punto. Despois de consultadas as entidades veciñais e establecidas as prioridades de inversión, as contas están case listas, agardando a aprobación do Pleno.

Unha vez máis, o presuposto do Concello será o máis alto de Galicia por habitante. A grande cantidade de obras previstas, todas elas pensadas para mellora-la nosa calidade urbana, é posible gracias á xestión urbanística, de donde procede a maioría dos recursos cos que se fai fronte ó progreso do municipio en tódolos frentes, pois non hai que esquecer que as iniciativas solidarias dos servizos sociais e a acción cultural experimentarán tamén un considerable crecemento.

## Varios

### COMPRA DE SOLO

ADQUISICION PASEO MERA - 2ª F.	
ADQUISICION PASEO DA RIA - O PASAXE	
ADQUISICION SOLO SENDAS COSTEIRAS	
EXPROPIACION SOLO RUA DA BREA	
EXPROPIACION SOLO NAVAL	
EXPROPIACION SOLO PORTO DE LORBE	
EXPROPIACION SOLO PARA VIAIS	
ADQUISICION EN PQ. METROPOLITANO	
<b>TOTAL Euros</b>	<b>780.000</b>

### REDACCION DE PROXECTOS

PROXECTO PORTO DEPORTIVO DE LORBE	
PROXECTO ACCESO PORTO DE LORBE	
<b>TOTAL Euros</b>	<b>130.000</b>

### URBANIZ. DE ESPACIOS (Entre outros)

POLIGONO IÑAS	
UE 2. CIVIDANES. MERA	
UE 34. AREAL ESTE. PERILLO	
SUP 1R O CARBALLIDO	
UE 30. SANTA CRUZ	
PONTE PASAXE-SUR	
UE 6 CABREIRA	
PERI 7 AS CANCELAS	
SUP 2R MEIXONFRÍO. STA. CRUZ	
SUP 3R PERILLO	
SUP 4R OLEIROS	
P. PARC. CANIDE	
IÑAS ZONA CAMPAMENTO - O CAÑO	
2ª FASE CHARRY	
FINCA VARELA PERILLO Z. MADRILEÑO	
<b>TOTAL Euros</b>	<b>1.562.525</b>

Terá catro especialidades: carpintería, xardinería, viveirismo e cantería

# Unha nova acción de emprego restaurará a illa do Castelo

■ *Son catro especialidades con bo "enganche" posterior no mercado laboral*

Sesenta persoas maiores de 25 anos participarán para mellora-la súa formación e ó mesmo tempo contribuir á calidade urbana do municipio.



O Castelo verá mellorado o seu entorno

## Acceso a listas de contratación temporal da Xunta

Si estás en situación de desemprego podes apuntarte nunha lista que ten a Xunta de Galicia para cubrir substitucións. É o que se chama listas para a contratación temporal de persoal laboral e de funcionarios interinos (Resolución 17 de novembro de 2003 da Dirección Xeral da Función Pública).

O prazo remata o 30 de xaneiro e hai unha chea de postos en tódolos grupos e niveis académicos (DOGA 18.11.03. e 24.11.03).

Para mais información pñense en contacto co Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo", na Urbanización dos Regos (tlf. 981 610 319).

O Concello promove un novo Obradoiro de Emprego denominado Castelo de Sta. Cruz. Un proxecto para realizar varios traballos de rehabilitación, restauración e acondicionamento.

Necesitase restaura-la muralla de pedra exterior xa que po-lo efectos do paso do tempo está bastante deteriorada. Tamén acondiona-lo xardín exterior e delimitar e restaura-los distintos camiños e sendeiros existentes.

Tamén é preciso prantar novas especies forestais e recuperar algunhas árbores que están en mal estado. A illa necesita a instalación de distinto mobiliario urbano

tanto de pedra coma de madeira (bancos, mesas, papeleiras, xardineiras, etc...)

Para levar a cabo estas actuacións o Concello solicita diante da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais unha subvención para cofinanciar esta iniciativa que continúa outras como a que fixo posible restaurar Rialeda, ou a que comezou os traballos de restauración do Parque Liáns.

Deste Obradoiro de Emprego vanse beneficiar 60 desempregados maiores de 25 anos. As especialidades formativas serán carpintería, xardinería, viveirismo e

cantería, todas elas con bastantes posibilidades de emprego posterior.

En total vanse impartir 1.920 horas de formación teórico-práctica, 960 horas en cada unha das dúas fases.

Ademais, en cada especialidade inclúense módulos de información laboral, formación empresarial e auto-emplego, seguridade e hixiene, formación básica para aqueles alumnos/as que non teñan o graduado escolar, ou que non teñan alcanzado os obxectivos da Educación Secundaria Obligatoria e alfabetización informática.

Os alumnos van estar contratados cun salario do 150% salario mínimo interprofesional. A primeiros do ano 2004 prevese que poda empezar dito proxecto.

Para participar é necesario estar inscrito como desempregado/a demandando formación nunha das ocupacións que se oferta, unha inscrición que pode ser tanto na Oficina de Emprego coma no Servizo Galego de Colocación.

Para mais información pñense en contacto co Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo", na Urbanización dos Regos (tlf. 981 610 319).

## 10 proxectos en África e América

# Repártense 75.000 euros en axudas internacionais

Dez proxectos de cooperación internacional foron subvencionados polo Concello para facer efectiva a política de axuda ós homes e mulleres que viven nos lugares menos favorecidos do planeta.

Talleres e capacitación profesional en colombia, colabora-

ción médica en Nicaragua, un centro de desenvolvemento infantil en Honduras, abastecemento de agua ós campos de refuxiados do Sahara, mellora do saneamento en Mozambique, produción de leite e saneamento en Cuba, afortalamiento organizativo de comunidades indíxenas en

Perú, alfabetización de costura en Congo e capacitación de mulleres en Guatemala.

As axudas concédense a través de organizacións non gobernamentais como Solidariedade internacional, Solidariedade galega, Asociación de colaboración e esforzo, Ingenieros sin fronteras, Ecos do

Sur, Fondo Galego de Cooperación, Veterinarios sin fronteras, Fotógrafos contra la guerra, Asociación Beltrán Hurtado, Hermanas Mercedarias Misioneras de Bérrix e Coordinadora Nacional de Viúdas de Guatemala.

O desenvolvemento turístico, respetuoso coa natureza

## Natureza e turismo, no programa Proder

Ademais do acondicionamento interior da Casa do Arxentino, o programa europeo Proder, relacionado coa natureza e o turismo, valorará outra importante proposta de Oleiros: diversas iniciativas de restauración do Monumento Natural da Costa de Dexo e Serantes.

Gracias a esto serán restauradas as vellas baterías, adecentado o castro de Subiña e varios muiños, ademais de completa-la recente restauración do de Dexo, donde falta o equipamento interior.

Varios roteiros e sinalización adecuada para facilitar o seu uso para o disfrute da natureza, completan unha aposta que ascende a uns 800.000 euros.

A iniciativa obedece á decisión de convertirla costa norte do municipio nun punto de atracción turística de primeira magnitude, toda vez que se complementa con outras medidas que fomentan o carácter medioambiental da aposta de Oleiros e se apoian no crecente interese dos cidadáns pola alternativa natural para o seu lecer.

Estas medidas teñen complemento en accións como a restauración que se está acometendo na antiga Casa do Fareiro de Mera, un edificio que está sendo transformado

por César Portela como centro de recepción de visitantes do Monumento Natural. Aínda que doutro xeito, tamén incidirá na dedicación turística do norte a futura construción do porto deportivo de Lorbé.

Tamén cabe mencionala recente instalación dunha nova sinalización homologada para o circuito senderista de todo o norte do Concello, que abrangue parte das parroquias de Maianca, Serantes e Dexo. Ademais, recentemente instaláronse tamén varios protectores feitos de travesas dardredor das furnas, con intención de protexer ós visitantes.

## ■ Serán restauradas as vellas baterías de Serantes

### Presencia na Feira Galaecia

A Feira de Turismo Galaecia 2003, con sede en Vigo, contou este ano coa presenza do Concello, que trasladou alí o seu stand automontable polo que recibiu un dos premios á creatividade.

Foi tamén a ocasión de "estrear" o novo identificador turístico do municipio, unha marca que de agora en diante figurará en calquera publicación de dimensión promocional do Concello cara ós posibles usuarios das nosas infraestruturas turísticas.

# Oleiros



## Transporte universitario máis barato

Os universitarios de Oleiros, xunto cos de Cambre e Culleredo, serán beneficiados con novas liñas e beneficiosas tarifas de transporte universitario, gracias ás negociacións nas que participaron Concellos, Universidade e empresas de transporte de viaxeiros.

Os descontos poden chegar ó 70%, e entrarán en vigor en Xaneiro. Os autobuses percorrerán as zonas máis poboadas dos concellos e chegarán ós mozos ós campus de Elviña e A Zapateira.

Téndese a abona-la totalidade

## O Concello paga ás urbanizacións o 75% do mantemento dos espazos verdes públicos



■ Próximamente chegará ó 100%

Parte dos gastos que as Entidades de Conservación que as urbanizacións abonan polo mantemento das zonas verdes públicas son asumidos polo Concello, que este ano establece nun 75% do total.

Agárdase que próximamente esta cantidade poida chegar ó 100%, se ben a contratación seguirá realizándose estas entidades, que en Oleiros teñen unha importancia fundamental para garanti-lo bó estado de amplas zonas do municipio.

Este proceso descentralizado garantiza un seguimento máis eficaz e unha máis óptima realización deste servizo, xa que son os propios veciños de cada lugar os que mirarán pola boa prestación, establecéndose así un sistema de xestión descentralizado e no que se corresponsabilizan os propietarios de cada urbanización.

Un equipo de apoio guiará ós visitantes por toda a costa, explicando o medio natural

# Para coñece-la natureza máis e mellor

Ó Faro de Mera fáltalle pouco para remata-la súa restauración, que se realiza baixo a dirección de César Portela. O Concello está xa pensando no que será o seu interior, consagrado a divulgar-la natureza, en especial cara ós visitantes do Monumento Natural de Dexo e Serantes, no que se encadra a antiga vivenda do fareiro, entre os dous fachos luminosos que continúan guiando ós buques a manobra de entrada á Coruña.

Tamén se crea un servizo de sensibilización e información ambiental no castelo de Santa Cruz. As dúas iniciativas son financiadas Fundación Arao, que destina 287.000 euros a Oleiros. O alcalde asinou un convenio co presidente da Fundación, Víctor Vázquez. Gelo suliñou especialmente o compromiso da presidenta de Seguros Ocaso, unha das empresas con máis peso na Fundación creada para contrapesar-los efectos negativos da catástrofe do Prestige.

## ■ A Fundación Arao apoia dous importantes proxectos ambientais en Oleiros



O apoio da Fundación Arao fará posible dous importantes proxectos medioambientais: o centro de interpretación do Faro de Mera e un novo servizo para coñece-la costa con sede no Castelo de Santa Cruz.

## Unha furna mariña na Casa do Fareiro

O proxecto de equipamento do Faro denominase "Centro de Recursos para a conservación do litoral" e ven sendo un centro de recepción e información para visitantes do monumento Natural da costa de Dexo e Serantes.

A casa terá basicamente dúas exposicións: a primeira, un módulo interpretativo sobre as furnas, coa reprodución dunha das que pode verse nesta costa norte, con recreacións hiperrealistas de rochas, cormoráns, percebes, lapas, balanos, feitos, armería mariña... Uns sensores, ó detecta-la presenza de público transmitirán sensacións de fresquío, humidade, arumes a iodo, o son do mar e das aves mariñas.

Outra sala reproducirá a paisaxe da ría, en relevo, cos elementos de interese natural, paisaxístico ou patrimonial da zona, as especies, a xeomorfoloxía, os cantís, etc. No solo ubicarase unha reprodución do fondo mariño, coa súa flora e fauna e os pecios que acouga. Tamén haberá un panel sobre a biodiversidade mariña, con solucións multimedia para explica-la actividade humana, portuaria e o desenvolvemento sostible.

Varios módulos sobre zonas húmidas de Galicia, ou os mecanismos de conservación dos espazos axudarán ó visitante a contextualizarse. A acción osta un total de 188.000 euros (algo máis de 30 millóns de pts.)

## Guías para coñecer toda a costa de Oleiros

Un servizo permanente de educación ambiental para a atención a grupos que desexen coñece-la costa de Oleiros, tomada como un exemplo de toda a costa galega. A xeografía, xeoloxía, orografía e biodiversidade do litoral serán mostradas de maneira explicativa incidindo na relación entre o ser humano e a natureza.

A ría do Burgo, o porto de Lorbé, o monumento natural de Dexo e Serantes, as praias, a illa de Sta. Cruz serán analizados nas temáticas do ambiente mariño, as mareas negras, a biodiversidade, o

sector pesqueiro, o marisqueo e a acuicultura e o mar como recurso. As visitas durarán 3 horas, partindo do Castelo. Haberá recursos didácticos que axudarán a comprender como vídeos, xogos multimedia para distintas idades, xogos cooperativos que tamén poderán ser realizados nas praias, obradoiros de confección de aparellos, recollida de elementos do mar e exposicións. A actividade realizarase de luns a sábado, entre 10.30 e 17 horas, e van dirixidas a grupos de 50 participantes como máximo.

Seguimos a ser exemplo para moitos concellos

## Respaldo do TSXG ó Concello a causa da taxa dos móbiles denunciada por Telefónica

■ *A compañía quería eludi-lo pago dunha taxa municipal, pero o Tribunal deu a razón ó Concello*

Os operadores de telefonía mobil teñen que pagar tamén taxas municipais. Así o dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que denunciara a decisión do Concello de Oleiros de establecer unha taxa do 1,5% das tarifas de móbiles como imposto municipal.

Unha vez máis, Oleiros impu-xo unha taxa que non gustou nada ós operadores de móbiles, xa que teñen que cooperar ó beneficio dos veciños en función das taxas que a operadora cobra ós seus clientes, tal como ocorre coa telefonía fixa e como sucede con outros negocios. Oleiros marcou así unha pauta que será

seguida por outros concellos de España, xa que foron moitas as consultas que recibimos.

Por outra parte, delegacións dos Concellos de Carballo e Boiro visitaron recentemente o noso Concello para tomar nota do funcionamento de varios departamentos.

Servicios de calidade para que todos vivamos mellor

As persoas maiores na actualidade dispoñen de maior cantidade de tempo libre, e gozan dun estado físico e económico que lles ofrece a posibilidade de abarcar novos proxectos dos que as xeracións anteriores non podían nin imaxinar.

## Ser maior en Oleiros



■ *As persoas maiores teñen programas de convivencia, viaxes, festas e deporte*

¿Que pode facer unha persoa maior que reside en Oleiros no seu tempo libre? Pode ser que non desexen facer ningunha actividade de carácter activo, que considere que xa traballaron bastante e agora chega o tempo de descansar, e principalmente vexan a televisión.

Pero pode que desexen ocupar o tempo máis activamente e decidan realizar todo tipo de actividades lúdicas, descubrir novos lugares, novas persoas, compartir experiencias, capacidades que ata entón descoñecían, realizar actividades físicas...

Para todo iso dende o programa 60+ ofrecemos as persoas maiores as seguintes propostas:

- Espacios para a diversión, potenciando a creatividade e a expresión persoal.
- Espacios para a participación social e comunitaria.
- Espacios que aborden as necesidades e que permitan "recuperar" a saúde.
- Espacios para o des-

cobramento e a aprendizaxe.

Neste ano 2003 máis de 2.000 persoas maiores de 60 anos de Oleiros participan nas actividades que se desenvolven desde os Servicios Sociais.

■ Durante todo o ano 172 homes e mulleres participan durante dous días a semana na actividade de **Ximnasia para Madores** que se realiza en nove Casas da Cultura e Centros Sociais.

■ Na **piscina** da Fábrica son 85 os homes e mulleres que dúas veces á semana e durante todo o ano practican exercicio físico na auga.

■ Tamén acuden unha vez a semana o **Taller de Madores** no que a través de diferentes exercicios aprenden técnicas que lles axudan a manter a memoria e activas as súas capacidades intelectuais.

■ Si desexan relaxarse, adquirir e practicar habilidades para un mellor enfrentamento o estrés, sentirse mellor poden acudir a actividade de **loga e Relaxación** como o fan durante todo o

ano e unha vez por semana 55 mulleres.

■ E durante todo este ano puideron descubrir lugares, paisaxes, patrimonio, historia de diferentes puntos da xeografía galega, a través de rutas en autobús ou ben camiñando na actividade de **Senderismo**. 1.869 foron as prazas ocupadas por 667 persoas, 254 homes e 413 mulleres. A oferta abarcou a un total de 33 saídas, 33 días de actividade durante os meses de Marzo a Setembro, movilizándose 51 autobuses. Visitáronse e coñecéronse lugares como: Museo Massó de Bueu, Paseo dos Namorados de Sargadelos, Mosteiro de Carboeiro, Museo do Mar de San Ciprián, A Ría de Vigo a través dunha viaxe en barco, Cruceiro de Hío, encontro co escritor Xosé Neira Vilas e a súa dona Anisia Miranda na casa museo en Ponte Ledesma, Río Ulla, Burela, Museo Etnográfico de Doade, Illas de Gres, Vigo, Cangas do Morrazo, cami-

ñando por Oleiros na Ruta dos Pazos e Ruta dos Muiños, Mosteiro de Samos, Roteiros da Illa de Arousa, camiños do Morrazo dende Aldán a Hío, Camiño de Santiago dende Triacastela a Samos,

■ No mes de Xullo volvéronse a reunir cerca de 1.500 persoas na Romería das **Merendiñas**, alí disfrutaron dunha comida conxunta e unha xornada de festa.

■ Diariamente e durante todo ao ano están abertas as **Aulas da Terceira Idade**, espacios nos que se practica a irmandade e o espírito da amizade.

■ Tamén acoden a concertos, obras de teatro, exposicións, charlas e conferencias o rutas de senderismo interxeneracional, programas de termalismo o vacacións.

■ **Para participar en calquera destas actividades, poden dirixirse ós Servicios Sociais, onde lles informamos e asesoramos.**

Foi fundada no 53 por Eduardo Mosquera

## Cincuenta anos da farmacia de Mera

Por D. Manuel Párroco de Mera

Marta Viguera Mosquera, farmacéutica, rixe desde hai 4 anos a farmacia de Mera. O seu avó, Eduardo Mosquera Gil, farmacéutico, abriu a o 23 de agosto de 1953, e a ela adicou 46 anos de traballo. É dicir, toda unha vida.

A farmacia e o seu titular, D. Eduardo, foron unha institución importante no pobo de Mera. Ó celebrar as Vodas de Ouro da súa apertura queremos agradecer o servizo prestado e sobre todo valorar as cualidades humanas de D. Eduardo, que calaron fondo na xente do pobo, pois sempre a serviu con amabilidade, respecto e auténtica vocación.

Eduardo Mosquera Gil nace en Pontevedra o 7 de decembro de 1918. fillo de farmacéutico, estudou a carrei-

ra en Santiago de Compostela, e o seu primeiro traballo exerciuno como director de produtos A Toxa. Casa no 45 con Dña Elvira Tuñas Sillero, nacida en Coristanco, tamén farmacéutica e mestra, e instálanse en Pontevedra, onde Eduardo exerce como director do centro farmacéutico. Pouco despois trasládanse a Perillo, onde Elvira rexe a farmacia deste pobo.

Eduardo abre a farmacia de Mera o 23 de agosto do 53. Naqueles tempos era un local de pranta baixa, as menciñas chegaban a bordo da Chelito, e facía o camiño de Perillo a Mera na súa Montesa.

Quere converter en aparcamento a finca conseguida polo Concello para os nenos

# Colexio da Rabadeira

## Razóns para “entender” a Pampín

O director da Rabadeira, Antonio Pampín, continúa a súa batalla contra o alcalde. Abriu o curso metendo medo ós pais sobre unha instalación eléctrica e agora quere converter en aparcamento parte da finca conseguida polo Concello para que os nenos a disfruten.

### 1 ¿De quen son as competencias?

*Cada un ten as súas responsabilidades:*

■ **Competencias administrativas:** ■ **Xunta:** novas construcións, equipamento, infraestrutura educativa, persoal ■ **Concello:** demanda de novos colexios, aportación de solo e mantemento do edificio unha vez entregado.

■ **Competencias educativas:** ■ **Xunta, Claustro e Director.** En xeral, toda a comunidade educativa e o Concello están satisfeitos polo funcionamento educativo do centro ■ **O Concello** apoia intensamente a educación extraescolar e complementaria.

### 2 O novo edificio de infantil

O Concello solicitou á Xunta a súa construción, para a que cedeu un solar de 4.300 m<sup>2</sup> ■ Construído pola Consellería de Educación ■ Aínda hoxe non foi recibido polo Concello, xa que o realizado non cumpre as normas establecidas e as zonas de recreo no exterior do edificio son un auténtico barrizal cheo de pedras soltas.

■ **O Concello urbanizou o entorno de todo o colexio, con aceras, aparcamentos e saneamento**



Aparcamento e aceras creadas polo Concello no exterior

### 3 Urbanización do entorno

Realízouna o Concello urbanizando non só o fronte do novo colexio, senón tamén o fronte do antigo recinto e a Rúa do Ensino, con alcantarillado, aceras, aparcamentos exteriores, asfaltado e bombeo de augas residuais ■ Tamén constrúe o muro de cerre do antigo edificio ■ Importe das obras: 110.376,46 euros.

**O concelleiro de Ensino comunicalle a Pampín que non pode facer nengunha obra que non figure no proxecto**

■ **A Xunta incorre nunha infracción urbanística a petición de Pampín, deixando unha porta no muro, que non figuraba no proxecto**

Polo exposto e á vista da documentación que obra nesta Admón. Municipal, en ningún caso procedería a realización de obras non autorizadas por este Concello, como titular dos terreos, polo que toda posible reforma ou obra debería ser solicitada en instancia dirixida á Alcaldía-Presidencia deste Concello. Sen o cumprimento deste requisito estarían a realizar obras non autorizadas, polo que se lle require para que se abstenda de calquera actuación deste tipo e que poidese provocar calquera actuación municipal innecesaria.



A Rabadeira: Razóns para "entender" a Pampín



4

Pampín quere crear un parking nun espazo de xogos

O director negocia coa constructora para destinar a parking de director e profesores máis da metade da parcela ■ Esta obra **ilegal** complementase con outras como deixar sen construír un tramo do muro para servir de **porta** de coches, que ademais de ser **ilegal é insegura** (abre para fóra, invadindo 3 m a vía pública) dificultando o tránsito pola acera e o aparcamento exterior nun tramo de 9 m. ■ Será motivo dun expediente de infracción urbanística grave.

■ *A porta fantasma abre para fóra, impedindo circular pola acera e anulando prazas de aparcamento*



Como pode verse, a porta do "parking" foi improvisada, xa que aproveitaron o anaco de valla para facela



A zona de xogos, ocupada por coches

Os técnicos da Concellería e a empresa varias veces estudada a situación fixeron saber que co presupuesto con que se contaba se quería terra até quedar un terraplen de oito metros e a zona destinada a xogos en caota. Para poder rebuixar a terra até o bordo do muro e reutilizar a zona habilitada para xogos de gartacucillo eran necesarios 6000,00€ mais IVE máis.

Postos en contacto coa Concellería e a Delegación de Educación fixeron saber que eles non tiñan ningún presupuesto pero si o Centro podía conseguilo que a obra se reanudara. Pídesse a aprobación do Consello Escolar do uso de 6000,00€ mais IVE para o remate das obras. Aprobábase con 11 votos a favor e 1 en contra.

D. Fernando Pico, representante municipal, fai a seguinte puntualización: "O director intentou poñerse en contacto con xugo e non o conseguiu, e pola mesma parte tamén o intentei e foi imposible. Neste punto lee escrito enviado o Centro non que se puidese que a dirección se abstena de contratar e realizar obras.

O director, responde que el non contrata ningunha obra, que quen as fai e as contrata é a Concellería. Que a Concellería non tiña o presupuesto necesario para o remate da obra tal e como se consideraba necesario e propuxo o Centro que se libere canto de esa cantidade.

Acta na que se aproba que o Consello Escolar destine 6.000 euros para habilitar-la finca como aparcamento. (ACTA nº 143, de 15-9-2003). Ese diñeiro procede do superávit do comedor escolar.

5

O cadro eléctrico

En ningún momento, o cadro eléctrico da obra contratada pola Xunta foi responsabilidade municipal ■ A responsabilidade do Concello nace só cando éste recibe o Colexio de mans da Xunta, cousa que non se produxo ■ **¿E que o director non sabe que a obra é da Xunta?**

6

Cartos do comedor para o aparcamento

No proxecto do colexio non figura ningún aparcamento ■ Pero Pampín pediulle á Xunta que o crease ■ A Xunta díxolle que non había diñeiro para eso ■ E él, manexando como de costume ó Consello Escolar, **saca o importe do superávit do comedor** ■ Ese superávit do comedor procede das cuotas que pagan as familias e a Xunta ■ Destina 1 millón de pesetas a votar zorra para non manchar-lo pé de barro, a conta de sacarllo á comida dos nenos.

A Rabadeira: Razóns para "entender" a Pampín

7

## O parking disfrazado

Na solicitude de axuda da Xunta para adecenta-la finca, en ningún momento din que o "adecentamento" é para crea-lo aparcamento ■ Falan da "mellora da zona de xogos" ■ Pero os cartos van para o piso desa ampla zona da finca.


... a rehabilitación de espazos exteriores; o apareamento natural existente a ser a base de apoio do novo edificio. A zona de aparcamento trahida darase a parte lateral do novo edificio, amuchando a parcela que se terá que delimitar.

... a urbanización da parcela creando zonas verdes e de sombra.

O informe técnico é favorable, pero falta a consecución presupostaria.

En febreiro din que queren "crear zonas verdes e de sombra" (ACTA nº 138, de 5-2-2003)

■ **Empregaron 6.000 euros en arranxa-lo aparcamento ilegal, das cotas que os pais pagaron para alimenta-los seus fillos**



8

## Cada ano suben as cotas do comedor

O superávit do comedor ven producíndose ano tras ano ■ Destinase a outros fins de gasto que o propio director controla ■ Con él, frecuentemente suplen obrigas da Xunta de proporcionar material para apoio didáctico.

En setembro de 2001 sobran case 2 millóns de pts., pero acordan subirlas cotas (ACTA nº125, de 19-9-2001)

... Apróbase o traspaso de dous millóns de pesetas da conta de comedor a conta de subministración de material, para melloras do material pedagóxico do labo.

O saldo de ditas cotas a día de hoxe é:

- Comedor: 1.917.599.- pts.
- Subministración de material: 5.238.978.- pts.

ASUNTOS TRATADOS E ACORDOS TOMADOS:

1.- Antes da aprobación do balance económico do comedor do curso 2002/03 o director do Centro, D. Antonio Pampín, explica que existe un saldo a favor de 23469,71 €. Este saldo prodúcese polo incremento das axudas nas becas de comedor no ano 2003 e a xestión realizada.

Como en cursos anteriores, pídese ao Concello Escolar autorización para o traspaso de 14000,00 € a conta de gastos de funcionamento. Estes cartos proviñen da xestión da aportación dos pais o comedor.

Apróbase o traspaso por 11 votos a favor e 1 voto en contra.

En vez de abarata-lo comedor, destínase o diñeiro a outros gastos (ACTA nº 143, de 15-9-2003)

■ **¿Cómo se poden subir as cotas cada ano habendo superávit do anterior?**

En xaneiro de 2001 "contratan" un colaborador da APA. (ACTA nº 119, de 31-1-2001)

... Para un colaborador específico para que os axude, e os atenda, tanto no comedor como no patio despois da comida.

... Apróbase que a parte de servizos de comedor para educación infantil, sea de 7.500.- pts. Con cargo a cantidade recadada por este concepto gratifícanse con 30.000.- pts. netas mensuais o colaborador.

En setembro de 2000 suben para contratar un colaborador (ACTA nº 114, de 18-9-2000)

d.- Comedor escolar:

Cotas: - Para a posibilidade de ter que contratar persoal colaborador para axuda nos servizos de comedor incrementase a cota de comedor quedando fixado para o curso 2002/2003 en: 4.700.- pts ou 5.700.- pts, en función de salarios de axudas que conceda a administración.

9

## O Concello non quere que o diñeiro do comedor vaia a outros gastos

O municipio sempre se opuxo a que os ingresos do comedor se destinasen a gastos correntes ■ O representante municipal no Consello Escolar opónse cada ano a destinar o superávit do comedor a gastos correntes, e especialmente este ano á construción do parking ■ ¿Cómo pode haber cada ano un superávit tal alto, subíndose todos os anos a cuota?

Debe ver feitos estes relacións prodúcese a votación, quedando aprobada no balance da conta de gastos de funcionamento do ano 2001 por 10 votos a favor e unha abstención, de D. Fernando Pico Lima, representante do Concello de Oleiros, que certifica a mesma en que "non está de acordo que os ingresos de comedor vaian a gastos correntes".

ACTA nº 129, de 19-2-2002

## A Rabadeira: Razóns para "entender" a Pampín

## 10 Este ano, nova subida

Este ano chegouse ó extremo máis grave: ademais de destinar ese diñeiro a adecenta-lo aparcamento ilegal, na mesma xuntanza suben as cuotas do comedor 3 euros/mes ■ ¿Cómo se pode emprega-lo diñeiro destinado a un fin concreto (a comida dos nenos) para arranxar-lle ó director a metade da finca para que aparque os coches?

2-ª) Propónse pola Dirección do Centro a subida das cotas de comedor en tres euros, polo que os alumnos de educación primaria terían que abonar 34 euros e os de educación infantil 52 euros.

O 15 de setembro deste ano suben de novo a aportación das familias ó comedor, pese ó superávit. (ACTA nº143, de 15-9-2003)

■ *A nova subida foi realizada pese a que o pasado ano sobraron cartos. Así o director ten diñeiro para o que él quere*

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U.  
C.E.I.P. RABADEIRA

Oleiros, 23 de novembro de 2001.

EXCMO. SR. D. MANUEL FRAGA IRIBARNE, PRESIDENTE DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA E PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA.

Excmo. Sr.:

Sorprendeunos a aparición nos medios de comunicación da noticia da dimisión de D. Jesús María Fernández Rosende como Presidente do Partido Popular en Oleiros.

Desde a experiencia no trato que tivo con este Centro como Portavoz do Grupo Popular no Concello de Oleiros e como Parlamentario, sentimos moito que esta chegue a producirse, xa que foi sempre un interlocutor válido e unha persoa preocupada pola educación e a cultura que animou e apoiou as iniciativas que supoñían un beneficio para a comunidade escolar.

Por todo o exposto entendemos como positiva a súa continuidade no cargo e na vida política municipal de Oleiros.

Atentamente

O director

## 11 Pampín e o Pepé

As implicacións políticas do director están detrás da súa actitude hostil contra o alcalde ■ Pampín chegou a apoiar explicitamente ó anterior líder do PP local, Fernández Rosende, por escrito e mesmo en papel timbrado do Colexio ■ Tamén a directiva da APA mandara un escrito semellante sen contar cos pais dos nenos ■ ¿Cómo pode usarse un colechio e os seus alumnos para fins partidistas sen que os responsables da Xunta lle abran un expediente de cese? ■ ¿Ou é que tódolos pais do centro son do PP?

A calidade na ensinanza pública de Oleiros

## O constante apoio municipal ó colechio

Si un lle fai caso ó director, parece que o Concello ten "castigado" ó colechio da Rabadeira. Pero aquí están as cifras que o desminten. Os nosos fillos non poden ser manipulados por nengún funcionario público.

■ *O Concello aborda incluso obras que non son competencia municipal*

## Diñeiro para ANPAS e Cláustros das escolas

Unha vía para financiar un ensino vivo, actualizado e de calidade son as subvencións que se conceden ós colechios, tanto a través da Asociación de Nais e Pais de Alumnos, como a través dos cláustros dos centros, para organizar actividades directamente.

Todo eso a parte dos múltiples programas que os propios servizos municipais de Educación, Deportes, Xuventude, Bibliotecas e Cultura realizan para especificamente para a poboación escolar.

Subvencións de Anpas e colechios en 2002	Euros
Colechio A Rabadeira	34.685
Colechio Luis Seoane de Canide (Mera)	18.880
Colechio Valle-Inclán de Perillo	25.600
Colechio Parga Pondal de Sta. Cruz	20.880

## Melloras constantes

Desde o Concello sempre nos preocupamos de que o vello escolar da Rabadeira estivese nas mellores condicións para os nenos. Así, cada ano dedicamos bastantes esforzos a modernizalo e ilo convertindo no que hoxe é, un colechio á altura dos mellores. Fixemos incluso algunhas obras que correspondía realizar á Xunta, pero decidimos abordalas para que os nenos non padecesen a lentitude autonómica. Este cadro recolle as melloras correspondentes a este ano.

Obra realizada polo Concello	Euros
Novo peche do centro	55.629,98
Aceras e alcantarillado de todo o fronte	54.746,48
Reforma do sistema de calefacción	4.468,32
Pintado e melloras do Pabillón Polideportivo	23.340,78
Está en fase de proxecto a pavimentación total da Rúa do Ensino	
Obras de mantemento do centro curso 2002-2003	

Constantes actividades paralelas para un ensino de calidade

# Escolas públicas sobradamente activas

Os colexios fóron de novo informados polo alcalde do amplo abano de actividades que se ofertan para os distintos niveis de ensino. Acción pensada para que os nenos de Oleiros reciban a mellor educación posible. É a semente para o seu futuro.

## Servicio Municipal de Educación

- Aprendemos na natureza 03
- Coñecer Oleiros / Entorno Oleiros
- Proxecto Árbore
- Hortas Escolares
- Cinensino
- Obradoiros de alimentación e consumo
- Concertos didácticos da E.M.O.
- Obradoiro de xogos infantís
- Laboratorio das artes
- Música na túa casa
- Excursións "Espacio Natural"
- Campamentos infantís de fin de semana
- Granxa-horta de Os Regos

## Sistema Municipal de Bibliotecas

- O Conto Viaxeiro
- XIII concurso de contos e narracións curtas infantís e xuvenís
- XI exposición de debuxos para nenos de infantil e 1º e 2º de primaria
- Programa da formación de usuarios de bibliotecas
- Encontros con escritores, ilustradores e tradutores
- XIII Campaña de animación á lectura
- Recomendacións de libros para verán e agasallos
- Talleres de cómic, banda deseñada e ilustracións
- Outros programas de animación á lectura

## Servicio Municipal de Deportes

- Escalada deportiva
- Kayak de Mar
- Surf
- Body-board
- Rafting
- Duatlón Escolar
- Liga escolar de Hockey sala
- Escola acuática infantil
- Escola de Natación
- Xornada de promoción do judo
- Liga de fútbol
- Cross escolar
- Escola Municipal de Remo
- Escola Municipal de Balonmán

## Centro de Información Xuvenil

- Campaña de Prevención de Drogas e Alcohol
- O valor de pensar.
- Condución e tempo libre.
- Cinensino
- Alimentémonos mellor
- Anorexia e Bulimia
- Alimentación equilibrada
- Sexo seguro
- Punto Informativo
- Oleiros coa Música: Concertos Didácticos
- Xornadas de Orientación Académica
- Semana da Tolerancia. Σ
- A Tolerancia é o Camiño
- Coñece o teu entorno
- Sendas de Ecoloxía polo noso Concello.
- Obradoiro sobre o Medio Mariño.
- Obradoiro de Reutilización e reciclaxe.
- Corresponsais nos Centros de Secundaria.

### A programación cultural

## Volve o cinema no inverno

Máis cinema para disfrutar do séptimo arte de calidade e con prezos reducidos. Para o Nadal programouse un ciclo pensado para o público infantil e familiar, mentres que xaneiro é momento dunha programación máis xeneralista. Esta é a programación Auditorio da Fábrica, ás 20,30 horas

### Cinema en xaneiro

- Sábado 10 **O Agasallo de Silvia**, de Dionisio P. Galindo.
- Sábado 17 **Noviembre**, de Achero Mañas.
- Venres 23 **Comandante**, de Oliver Stone, con cine-fórum
- Sábado 24 **La pelota vasca**, de Julio Medem.
- Sábado 31 **Días de fútbol**, de David Serrano

### Un programa de ocio alternativo

## Ocioleiros III medra ata os 50 anos

Ocioleiros III comezará en febreiro e irá dirixida non só ós mozos do municipio, senón a tódalas persoas menores de 50 anos. Esa é a principal novidade dunha convocatoria que incluírá unha chea de actividades deportivas e lúdicas de tarde (14-17 anos) e noite (18-30 anos e 30-50 anos).

Na anterior edición participaron máis de 300 persoas, e 50 delas remataron nunha viaxe a Praga que puxo fin ós actos. O obxectivo é que este ano se triplique a concurrencia, xa que a ampliación do segmento de idade realizouse a petición de moitos veciños interesados en participar nunha convocatoria semellante á que existía para os máis novos.

Os actos para os máis maiores consistirán en actividades deportivas, xogos de mesa e de ocio. E para os máis novos, fútbol sala, baloncesto, tenis de mesa, voley, percusión, obradoiro de circo, expresión corporal, contacontos, masaxes, bailes de salón, videofórum, cociña e pintura.

Durante todo o mes de xaneiro poderán apuntarse os interesados, para comeza-la primeira semana de febreiro en diversas instalacións municipais.

Nauticoleiros toma forma cos locais para remo e surf en Santa Cristina e Bastiagueiro

Disfrutar do mar mentres se practica exercicio físico é unha estupenda maneira de manterse en forma. Por eso falamos de dúas importantes obras públicas que entrarán en servizo próximamente: o novo pañol de embarcacións de remo e surf en Santa Cristina e o local para surfistas en Bastiagueiro.

## ■ Nauticoleiros vai tomando forma, con infraestructuras no litoral para facer deporte

Novos espazos para os deportes náuticos. O proxecto Nauticoleiros, deseñado hai dous anos, vai tomando forma gracias a dúas obras que están a piques de entrar en servizo: o novo náutico de Santa Cristina, co dobre de espazo que o anterior da Fábrica, e os recién rehabilitados locais de Bastiagueiro, dedicados ós surfistas.

O pañol náutico de Santa Cristina está na Av. das Américas, en primeira liña de praia, perto do restaurante El Madrileño. É un soto duns 400 m<sup>2</sup> que se destinará a "garaxe" das embarcacións que utiliza o Clube de Remo de Perillo.

Allí poderán gardar as

embarcacións de banco fixo (traíñas, bateis, traíneiriñas), ademais de zódiacs e o material loxístico.

Tamén está previsto un espazo para que utilicen os practicantes de windsurf nesa praia. Ademais, contará con duchas e vestiarios propios dunha instalación deste tipo.

A obra está practicamente rematada. Só falta que a entreguen, e equipala cos medios adecuados.

En canto ós locais de Bastiagueiro, están rematados e en boas condicións para seren utilizados sobre todo polos surfistas.

Xa teñen un conserxe e abrirán de luns a venres entre 15 e 19,30h, e fins de semana de 9 a 14 e de 16,15 a 19h, de tal maneira que poidan ser utilizados polos numerosos surfistas que usan esa praia.

Ademais dos surfistas, tamén hai espazo para os que desexen deixar o seu kayak ou canoa. Tamén poderán cambiarse de roupa, ducharse, deixa-los seus traxes de neopreno e outro material deportivo, etc.

Durante os dous primeiros meses, a utilización será gratuita. Posteriormente crearase unha pequena cuota para os usuarios.

# Deportes sobre mollado



## A nova piscina municipal, en Oleiros

As listas de espera que agora existen para utiliza-la piscina de Perillo están rematándose. En pouco tempo será contratada a nova piscina e centro deportivo municipal, que se ubicará en Oleiros, próximo ás parroquias do interior.

O proxecto está ultimándose, realizado directamente polo Concello, e ten como ubicación unha parcela na zona de Fonte do Ouro, na Av. Miguel Hernández. A accesibilidade e a equidistancia de varias parroquias do interior (Iñas, Nos, Oleiros, Dorneda) foi o criterio utilizado para ubicar este novo centro deportivo, que terá a terceira piscina cuberta municipal.

A nova piscina contará cun ximnasio complementario, e salas para actividades, e incluso probablemente dous vasos para natación, un deles dedicado ó uso infantil.

Tamén están previstos uns vestiarios máis grandes, para que non presenten os problemas que na actualidade se rexistran en Perillo, que son moi pequenos.

## Os pabillóns ganan operatividade

Os cinco pabillóns deportivos de Oleiros (Perillo, Bastiagueiro, Santa Cruz, Oleiros e Canide) teñen maior operatividade gracias a un novo sistema de xestión: pasan a ter conserxes e un sistema de limpeza e mantemento autónomo. Estas melloras traerán consigo unha maior operatividade, xa que terán horarios de funcionamento máis amplos e unha maior disposición das instalacións para seren utilizadas con maior facilidade polos veciños. Quen desexe máis información, pode poñerse en contacto co departamento de Deportes, na Fábrica (981 636 598).

### Os outros trunfos



## Oleiros, con Cristina Sotelo

Unha xoven veciña de Oleiros deu a campanada nun deporte pouco coñecido entre a poboación. Foi Medalla de Bronce nos mundiais de Quan ki do, un deporte de combate de orixe oriental e no que o noso país nunca conquistara demasiado éxito.

Pero chegou Cristina Sotelo e alzouse co terceiro posto, competindo con países nos que este deporte está moi desenvolvido. O

Concello cooperou con esta presenza galega en Berlín cunha axuda para o seu desprazamento.

O alcalde recibiu na seu despacho, xunto ós seus pais, e entregoulle unha placa felicitándoo polo seu brillante trunfo en nome de tódolos veciños do Concello.

Agardamos que o caso de Cristina sirva de exemplo para tantos mozos e mozas que traballan cada día por superarse.

## Atletismo de primeira

Xaneiro será un mes atlético. O 17 Oleiros será escenario do Campionato Galego de Marcha Atlética, en Santa Cristina.

E o día 25 o INEF acollerá o III Cross de Oleiros, campionato galego de campo a través.



O novo edificio municipal que se está a construír fronte ó Concello está rodeado dun acolledor espazo que, tanto pola nobreza das súas árbores, coma polo seu propio nome, enchén Oleiros de emocións.

## Un parque cheo de emocións

O parque, visto desde o novo edificio municipal

As emocións veñen por dobre vía. Primeiro, porque se chama Víctor Jara, como conmemoración dos 30 anos da resistencia do presidente chileno, Salvador Allende, contra o golpe do xeneral Pinochet.

Ademais, o tenro alumeado e a propia restauración da vella finca da casa, un exemplo da arquitectura de carácter desta zona agraria da capital municipal, tamén nos transmite profundas emocións

O novo parque ten só unha nova especie. Trátase dos feitos do xurásico. Un deles foi prantado mesmo ó rente da placa conmemorativa da inauguración para deixar testemuña da nova era do parque.

O espazo foi deseñado polo xardineiro Roberto Ferreira, que se inspirou na tendencia xaponesa de deixar o ámbito o máis natural posible, con tódalas súas pezas arbóreas. Ese respecto absoluto á esencia do parque combínouse coa limpeza total da superficie, que quedou convertida nun tapiz verde polo que decorren sendeiros.

Incluso os bancos que se instalaron fóron realizados con pezas de pedra extraídas do vello caserón, que foi restaurado cun criterio conservador, se ben se lle engadiu un novo volume de formas contemporáneas. A peza arquitectónica fundamental, que dá carácter ó espazo, é unha gran galería que fai de para-

mento ó espazo, xunto cos venerables muro de pedra laterais.

Ademais dos novos feitos arbóreos foi prantado un vieiteiro, un arbusto silvestre naturalizado. O resto das especies do parque fóron respetadas, xa que hai 2 magnolios duns 80 anos, un camelo de 70, algúns loureiros de aproximadamente 40 anos nados espontaneamente no lugar e un espectacular castiñeiro —o máis visible desde a Praza de Galicia— que ten entre 40 e 50 anos.

Tamén se respetaron dúas cerdeiras que, aínda que se atopan enfermas xa de vellas —contan con medio século ás costas—, deixáronse prantadas debido á beleza que proporcionan os seus escultóricos troncos.

A acolledora sensación natural que produce o parque vese reforzada pola iluminación, que se empotrrou no mesmo chan do parque, para non deterioralo o seu aspecto natural con farolas ou outros elementos molestos.



Joan Jara



Acto de inauguración do Parque Víctor Jara, con Joan Jara acompañada polo alcalde

Papeis e cartóns, ó caixón azul

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, ó contedor de tapa verde

Inertes, ó contedor de tapa laranxa.

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

## Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respeita os horarios (entre 9 e 12 da noite)